**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (http://sede.vilagarcia.gal)
CELEBRADA O DÍA 13/01/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
Asistentes
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO

SECRETARIA ACCTAL
MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA ACCTAL
ROSA MARIA OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 13/01/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data de 25 de novembro de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro de 2021.
3. Apobación, se procede, do cambio de uso de parcela da antiga Comandancia da Mariña, pasando da cualificación actual "Outros Equipamentos" (OE)"a "Equipamentos Sanitarios (ESA)"
4. Aprobación, se procede, de expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº01/CE/2022, suplemento de crédito 01/SC/2022 e cambio de finalidade de proxectos con financiamento afectado 01/CF/2022 para diversos gastos de capital.
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polos Grupos Políticos Municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos para solución aos problemas de tráfico e mellora de acceso na Rúa Ameixeiras
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación de prazas públicas na Educación Infantil de cero a tres anos
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común para aprobación dun Plan Municipal de Vivenda en Vilagarcía.
9. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
11. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
12. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da http://sede.vilagarcia.gal

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE NOVEMBRO DE 2021.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación á acta de 25 de novembro

de 2021.
Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21) a acta da sesión anterior de data 25 de novembro de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=1
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVEMBRO DE 2021: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:**

**RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:**

1 Iniciación expediente concesión medalla de ouro ao Clube Arosa SC
1 Aprobación pregos subministro
1 Adxudicación servizo
1 Aprobación expediente de contratación
2 Expte. De modificación de crédito por transferencia
1 Recoñecemento de obriga certificación de obra
1 Rectificación erro aritmético expte. Transferencia de crédito
1 Inscrición rexistro animais potencialmente perigosos
4 Licenza animais potencialmente perigosos
1 Autorización celebración bailes ao aire libre
1 Autorización fogos
2 Primeiras alegacións identificador de condutor expediente sancionador de tráfico
1 Iniciación expedientes sancionadores de tráfico
15 Primeiras alegacións ordinario expedientes sancionadores de tráfico
1 Modificación días de apertura en festivos 2022
2 Aboamento festivos, noites e domingos nómina de novembro
1 Bases de selección 5 prazas encargados C1/C2
1 Compensación económica vacacións non gozadas por empregado
2 Desconto haberes por ausencia non xustificada do posto de traballo
3 Nomeamento funcionario interino substitución baixa IT titular
1 Pago debeda TGSS diferenza IT Covid febreiro 2021
3 Comunicación Xunta de Galicia substitución habilitada nacional
6 Gratificación substitución posto de categoría superior
1 Pagamento plan de pensións outubro 2021
1 Recursos contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
47 Estimación/desestimación taxas e prezos públicos
6 Estimación/desestimación IBI
30 Estimación/desestimación Beneficios Fiscais IVTM
4 Estimación/desestimación IVTM
2 Estimación pagos duplicados
5 Estimación/desestimación rateo no IVTM
18 Estimación/desestimación IIVTNU
2 Estimación revisión de oficio erro
23 Estimacón/desestimación compensación de debedas
2 Estimación/desestimación fraccionamento de débeda
5 Estimación/desestimación recibos
7 Estimación/desestimación liquidacións e baixas
3 Pago comisións bancarias
10 Pago expedientes Intervención
6 Pago expedientes Tesourería
1 Pago préstamo bancario
11 Deber de conservación
10 Expediente de reposición da legalidade urbanística

1 Correccion erro dirección solicitante
1 Conformidade a proxecto de execución
1 Modificación de licenza de obra maior
4 Prórroga licenza de obras
3 Ineficacia de comunicación previa
1 Aprobación inicial proxecto mellora sistema saneamento no Concello
1 Dación de conta de obras de reconstrución ruína para refuxio investigación Illa Cortegada
1 Licenza legalización obras
34 Comunicación previa obras
15 Concesión de licenza de obra maior ou menor
2 Cambio de titularidade actividade
1 Ocupación de vía pública

TOTAL 312

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=2
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE USO DE PARCELA DA ANTIGA COMANDANCIA DA MARIÑA, PASANDO DA CUALIFICACIÓN ACTUAL "OUTROS EQUIPAMENTOS (OE)" A "EQUIPAMENTOS SANITARIOS (ESA)".** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 13 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:
ASUNTO: CAMBIO DE USO DE EQUIPAMENTO EN PARCELA SITA NA AVENIDA DA MARIÑA Nº 21 CON REFERENCIA CATASTRAL 9168009NH1196N0001RO (ANTIGA COMANDANCIA DA MARIÑA).
En data 15.11.2021 o Arquitecto Municipal da Oficina Técnica elaborou a documentación técnica necesaria para proceder a modificar o uso da parcela sita na Avenida da Mariña, no edificio denominado como "Comandancia da Mariña", aos efectos de poder implantar na indicada parcela un centro de saúde.
Segundo se indica na documentación obrante no expediente administrativo "A finca figura no vixente Plan Xeral dentro do Sistema Xeral de Equipamentos, destinada concretamente ao Outros Equipamentos (EO) consonte a ficha que se achega extraida da documentación do Plan Xeral", reproducíndose no informe a ficha correspondente o expediente instruído os efectos oportunos.
A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia sinala no artigo 42 apartado 5º establece ao respecto do cambio de uso dos terreos destinados a equipamentos públicos:
"5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos."
No mesmo senso se pronuncia o artigo 65.7º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo.
A parcela está incluída en solo de sistema xeral de equipamentos "EO", recollidos no PXOM vixente e sinalado coa referencia "X-15", pertencente ao sistema xeral de equipamentos públicos.
Segundo se indica na Memoria descritiva e xustificativa redactada polo Arquitecto Municipal a intención do Concello cambiar a actual cualificación de Outros Equipamentos pola máis específica de Equipamento Sanitario (E.S.A.) a fin de posibilitar a implantación do futuro centro de saúde.
Na Memoria da proposta redactada pola Oficina Técnica do Concello analízanse pormenorizadamente as condicións requiridas polo artigo 42.5º da LSG para proceder ao cambio de uso e así se sinala:

“No presente caso cúmprense as condicións requeridas por este artigo para levar a Pleno este cambio xa que:

- O que se propón é un cambio de uso.
- Trátase dun equipamento público.
- O novo uso tamén é dotacional (equipamento) e tamén público.
- Mantense a titularidade pública.
- Mantéñense as condicións de edificabilidade que establece o PXOM e que figuran na ficha do Catálogo modificado.
- CUALIFICACIÓN ACTUAL.- Outros Equipamentos (E.O.)
- CUALIFICACIÓN PROPOSTA.- Equipamento Sanitario (E.S.A.)

Polo tanto considérase compatible co vixente planeamento e máis coa lexislación do solo o cambio de uso que pretende levar a cabo polo trámite do art. 42.5.”
En data 16.11.2021, a Xerente de Urbanismo, a vista do expediente administrativo instruído os efectos oportunos, informou xuridicamente o cambio de uso da devandita parcela por unha cualificación máis acorde co pretendido polo Concello, pronunciándose favorablemente o cambio proposto polo Arquitecto Municipal da Oficina Técnica.
Á vista dos antecedentes esta Alcaldía-Presidencia en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente propón ó Pleno, órgano competente en aplicación do previsto no artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, a adopción do seguinte
A C O R D O:
Primeiro: Cambiar o uso da parcela sita na Avenida da Mariña, nº 21, con referencia catastral 9168009NH1196N0001RO (antiga Comandancia da Mariña), pasando da cualificación actual “Outros equipamentos (O.E)” a “Equipamentos Sanitario (E.S.A)”, aos efectos de poder implantar un futuro centro de saúde.
Segundo: Publicar, no prazo dun mes, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o acordo que se adopte de conformidade co sinalado no artigo 82 da Lei do Solo de Galicia.
Terceiro: Dar traslado a Consellería competente en materia de urbanismo do acordo que se adopte aos efectos de que proceda a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.
Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixitalizada.
O Alcalde Presidente
D. Alberto Varela Paz.

- Intervén o Sr. Oliveira Barreiro, preguntando se o cambio de uso é necesario, ó que a Sra. García Sanmartín responde que non, pero que os técnicos consideran que é mellor cambialo.
A continuación sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN
As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do cambio de uso de parcela da antiga Comandancia da Mariña, pasando da cualificación actual "outros equipamentos (OE)" a "Equipamentos Sanitarios (ESA)".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11) e PP (4), e tres abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1)
ACÓRDASE: Por maioría:
Primeiro: Cambiar o uso da parcela sita na Avenida da Mariña, nº 21, con referencia catastral 9168009NH1196N0001RO (antiga Comandancia da Mariña), pasando da cualificación actual “Outros equipamentos (O.E)” a “Equipamentos Sanitario (E.S.A)”, aos efectos de poder implantar

un futuro centro de saúde.
Segundo: Publicar, no prazo dun mes, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o acordo que se adopte de conformidade co sinalado no artigo 82 da Lei do Solo de Galicia.
Terceiro: Dar traslado a Consellería competente en materia de urbanismo do acordo que se adopte aos efectos de que proceda a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=3
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº01/CE/2022, SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/SC/2022 E CAMBIO DE FINALIDADE DE PROXECTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO 01/CF/2022 PARA DIVERSOS GASTOS DE CAPITAL.** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 13 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:
MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMOS.
Mediante Providencia da Alcaldía incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente Nº 01/CF/2022 de cambio de finalidade do financiamento afectado por importe de 1.011.787,94€ procedente de operacións de préstamo a longo prazo concertadas e ingresadas entre os exercicios 2016, 2018, 2019 , 2020 e 2021, afectas os seguintes proxectos de gasto engadidos nos respectivos Anexos de investimentos:

| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | SALDO DISPOÑIBLE |
|---|---|---|---|---|
| 334 | 63200 | 2016 2 OBRA 22 | OBRAS DE ACOND. CASAS CULTURA MUNICIPAIS-II | 544,50 |
| 920 | 62300 | 2018 2 OBRA 13 | INSTALACION AIRE ACONDICIOANDO 2ª PLANTA CASA CONSISTORIAL | 5.231,21 |
| 453 | 61900 | 2018 2 OBRA 32 | MELLORA INTEGRAL DA MOBILIADE E SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DO RECINTO DE FEXDEGA | 18.163,14 |
| 334 | 63200 | 2018 2 OBRA 8 | OBRAS. ACONDICIONAMENTO CASAS CULTURA MUNICIPAIS 2018 | 2.493,75 |
| 336 | 61900 | 2018 2 OBRA 9 | RESTAURACION PATRIMONIO NATURAL Y CULTURAL | 25.036,42 |
| 1530 | 61900 | 2019 2 PREST 4 | ACTUACIÓNS ACCESIBILIDADE EN VÍAS PÚBLICAS | 0,01 |
| 161 | 61900 | 2019 2 PREST 6 | ACTUACIÓNS REPOSICIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SANEAMENTO | 612,63 |
| 1530 | 61900 | 2020 2 PREST 6 | OBRAS DE DEMOLICION AVDA RODRIGO DE MENDOZA | 1.500,00 |
| 9201 | 64100 | 2020 2 PREST 20 | SUBM. PARA RENOVACION SOFTWARE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS | 6,05 |
| 171 | 61900 | 2020 2 PREST 27 | OBRAS SUBSTITUCION PAVIMENTO DO PARQUE MIGUEL HERNANDEZ | 5.748,23 |
| 132 | 62300 | 2021 2 PREST 2 | INSTALACION PANEIS MANESAXES VARIABLES | 30.097,54 |
| 171 | 62300 | 2021 2 PREST 7 | ADQUISICION DESHERBADORA SERVIZO MUNICIPAL DE PARQUES E XARDINS | 2.767,27 |
| 3321 | 63200 | 2021 2 PREST 10 | REFORMA EDIFICIO LICEO CASINO PARA UNA BIBLIOTECA MUNICIPAL | 919.587,19 |
| | | | TOTAL | 1.011.787,94 |

- Expediente Nº01/CE/2022 de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 454.314,12€ para atender as seguintes actuacións:

| | | | CREDITO EXTRAORDINARIO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | CREDITO DISPOÑIBLE | CREDITO EXTRAORDINARIO | IMPORTE CAMBIO FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 453 | 61900 | ALTA PROXECTO | GLORIETA AVDA. CAMBADOS | 0,00 | 156.873,52 | 156.873,52 |
| 132 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA POLICIA LOCAL | 0,00 | 80.465,00 | 80.465,00 |
| 453 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA SERVICIO DE OBRAS | 0,00 | 169.037,00 | 169.037,00 |
| 165 | 61900 | ALTA PROXECTO | RENOVACIÓN REDE DE ABASTECEMENTO NA AVDA CAMBADOS | 0,00 | 47.938,60 | 47.938,60 |
| | | | | | 454.314,12 | 454.314,12 |

- Expediente Nº01/SC/2022 de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 557.473,82€ para atender as seguintes actuacións:

| | | | SUPLEMENTO DE CREDITO | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | CREDITO DISPOÑIBLE | SUPLEMENTO | IMPORTE CAMBIO FINALIDADE |
| 453 | 62300 | 2020 2 PREST 16 | MAQUINARIA-PARQUE MOVIL SERVIZO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS | 109.251,18 | 114.779,82 | 114.779,82 |
| 342 | 63200 | 2021 2 PREST 12 | REFORMA PAVILLON FONTECARMOA | 800.000,00 | 324.288,38 | 324.288,38 |
| 1530 | 6190017 | 2018 2 DUSI 13 | MARMONTA-CREACIÓN PARQUE METROPOLITANO UNION MAR MONTAÑA VLG_LA23_MARMONTA | 87.429,34 | 92.554,08 | 92.554,08 |
| 132 | 62300 | 2019 2 POS19 7 | CAMARAS CON LECTOR DE MATRICULAS PARA CONTROL INFRACCIONS DE TRAFICO | 0,00 | 25.851,54 | 25.851,54 |
| | | | | 996.680,52 | 557.473,82 | 557.473,82 |

O que se pretende con este expediente é dotar os créditos necesarios para acometer actuacións urxentes para as que non existe crédito suficiente e axeitado no orzamento 2021 prorrogado para o exercicio 2022.

Os créditos extraordinarios propostos no presente expediente obedecen á necesidade de realizar determinados proxectos necesarios para atender demandas da cidadanía e dos servizos municipais para a mellora dos servizos que se ofrecen.

Pola súa parte o Suplemento de crédito proposto é necesario por tratarse de proxectos para os que os fondos existentes non son suficientes por terse producido demoras na execución que deron lugar á perda da Subvención concedida ou ben a descertificacións dos fondos xustificados, sendo preciso repoñer os recursos por estar xa iniciadas as obras ou entregados os subministros, así como proxectos nos que os créditos existentes non son suficientes para afrontar as actuacións a realizar.

Por outro lado, tamén se trata de cambios de finalidade de financiamento afecto para compensar a minoración do financiamento en determinados proxectos có fin de dar cumprimento os principios contables básicos, tal e como se sinala no informe da Intervención municipal.

Polo tanto, trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento non existe crédito suficiente e axeitado.

Tendo en conta os fondos existentes nos proxectos de gasto indicados por un importe global de 1.011.787,94€, e que constitúen un recurso que pode financiar os aumentos e cambios que se propoñen , ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente que existen exceso de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao gasto anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 01/CF/2022 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 1.011.787,94€, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía e na primeira parte desta proposta, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 01/CE/2022 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, por importe de

454.314,12€, para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | CREDITO DISPOÑIBLE | CREDITO EXTRAORDINARIO | IMPORTE CAMBIO FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 453 | 61900 | ALTA PROXECTO | GLORIETA AVDA. CAMBADOS | 0,00 | 156.873,52 | 156.873,52 |
| 132 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA POLICIA LOCAL | 0,00 | 80.465,00 | 80.465,00 |
| 453 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA SERVICIO DE OBRAS | 0,00 | 169.037,00 | 169.037,00 |
| 165 | 61900 | ALTA PROXECTO | RENOVACIÓN REDE DE ABASTECEMENTO NA AVDA CAMBADOS | 0,00 | 47.938,60 | 47.938,60 |
| | | | | | 454.314,12 | 454.314,12 |

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente nº 01/SC/2022 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicación do orzamento vixente para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | CREDITO DISPOÑIBLE | SUPLEMENTO | IMPORTE CAMBIO FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 453 | 62300 | 2020 2 PREST 16 | MAQUINARIA-PARQUE MOVIL SERVIZO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS | 109.251,18 | 114.779,82 | 114.779,82 |
| 342 | 63200 | 2021 2 PREST 12 | REFORMA PAVILLON FONTECARMOA | 800.000,00 | 324.288,38 | 324.288,38 |
| 1530 | 6190017 | 2018 2 DUSI 13 | MARMONTA-CREACIÓN PARQUE METROPOLITANO UNION MAR MONTAÑA VLG_LA23_MARMONTA | 87.429,34 | 92.554,08 | 92.554,08 |
| 132 | 62300 | 2019 2 POS19 7 | CAMARAS CON LECTOR DE MATRICULAS PARA CONTROL INFRACCIONS DE TRAFICO | 0,00 | 25.851,54 | 25.851,54 |
| | | | | 996.680,52 | 557.473,82 | 557.473,82 |

CUARTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son:

- Baixas de créditos de gastos de aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento afectado, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo dos exercicios 2016, 2018, 2019  2020 e 2021, así como exercicios anteriores por importe global de 1.011.787,94€.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de cambio do financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

| | | | SUPLEMENTO DE CREDITO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE | FINANCIACIÓN |
| 453 | 62300 | 2020 2 PREST 16 | MAQUINARIA-PARQUE MOVIL SERVIZO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS | 59.335,94 | VARIOS BANCOS 2016 A 2020 |
| | | | | 55.443,88 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 342 | 63200 | 2021 2 PREST 12 | REFORMA PAVILLON FONTECARMOA | 324.288,38 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 1530 | 6190017 | 2018 2 DUSI 13 | MARMONTA-CREACIÓN PARQUE METROPOLITANO UNION MAR MONTAÑA VLG_LA23_MARMONTA | 92.554,08 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 132 | 62300 | 2019 2 POS19 7 | CAMARAS CON LECTOR DE MATRICULAS PARA CONTROL INFRACCIONS DE TRAFICO | 25.851,54 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| | | | | 557.473,82 | |
| | | | | | |
| | | | CREDITO EXTRAORDINARIO | | |
| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE | FINANCIACIÓN |
| 453 | 61900 | ALTA | GLORIETA AVDA. CAMBADOS | 156.873,52 | UNICAJA BANCO S.A |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | PROXECTO | | | 2021 |
| 132 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA POLICIA LOCAL | 80.465,00 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 453 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA SERVICIO DE OBRAS | 169.037,00 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 165 | 61900 | ALTA PROXECTO | RENOVACIÓN REDE DE ABASTECEMENTO NA AVDA CAMBADOS | 47.938,60 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| | | | | 454.314,12 | |

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- Expediente Nº01/CF/2022 de modificación de finalidade dos préstamos afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- Expediente Nº01/CE/2022 de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente.
- Expediente Nº 01/SC/2022 de suplemento de financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente.

- Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2021 prorrogadas para o 2022 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O ALCALDE
Asdo.:Alberto Varela paz
Sinatura Dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº01/CE/2022, suplemento de crédito 01/SC/2022 e cambio de finalidade de proxectos con financiamento afectado 01/CF/2022 para diversos gastos de capital.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11) e Ciudadanos (1), e seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1).
ACÓRDASE: Por maioría:
PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 01/CF/2022 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 1.011.787,94€, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía e na primeira parte desta proposta, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 01/CE/2022 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, por importe de 454.314,12€, para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | CREDITO DISPOÑIBLE | CREDITO EXTRAORDINARIO | IMPORTE CAMBIO FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 453 | 61900 | ALTA PROXECTO | GLORIETA AVDA. CAMBADOS | 0,00 | 156.873,52 | 156.873,52 |
| 132 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA POLICIA LOCAL | 0,00 | 80.465,00 | 80.465,00 |
| 453 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA SERVICIO DE OBRAS | 0,00 | 169.037,00 | 169.037,00 |
| 165 | 61900 | ALTA PROXECTO | RENOVACIÓN REDE DE ABASTECEMENTO NA AVDA CAMBADOS | 0,00 | 47.938,60 | 47.938,60 |
| | | | | | 454.314,12 | 454.314,12 |

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente nº 01/SC/2022 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicación do orzamento vixente para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | CREDITO DISPOÑIBLE | SUPLEMENTO | IMPORTE CAMBIO FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 453 | 62300 | 2020 2 PREST 16 | MAQUINARIA-PARQUE MOVIL SERVIZO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS | 109.251,18 | 114.779,82 | 114.779,82 |
| 342 | 63200 | 2021 2 PREST 12 | REFORMA PAVILLON FONTECARMOA | 800.000,00 | 324.288,38 | 324.288,38 |
| 1530 | 6190017 | 2018 2 DUSI 13 | MARMONTA-CREACIÓN PARQUE METROPOLITANO UNION MAR MONTAÑA VLG_LA23_MARMONTA | 87.429,34 | 92.554,08 | 92.554,08 |
| 132 | 62300 | 2019 2 POS19 7 | CAMARAS CON LECTOR DE MATRICULAS PARA CONTROL INFRACCIONS DE TRAFICO | 0,00 | 25.851,54 | 25.851,54 |
| | | | | 996.680,52 | 557.473,82 | 557.473,82 |

CUARTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son:

- Baixas de créditos de gastos de aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento afectado, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo dos exercicios 2016, 2018, 2019  2020 e 2021, así como exercicios anteriores por importe global de 1.011.787,94€.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de cambio do financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

| | | | SUPLEMENTO DE CREDITO | | |
|---|---|---|---|---|---|
| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE | FINANCIACIÓN |
| 453 | 62300 | 2020 2 PREST 16 | MAQUINARIA-PARQUE MOVIL SERVIZO DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS | 59.335,94 | VARIOS BANCOS 2016 A 2020 |
| | | | | 55.443,88 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 342 | 63200 | 2021 2 PREST 12 | REFORMA PAVILLON FONTECARMOA | 324.288,38 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 1530 | 6190017 | 2018 2 DUSI 13 | MARMONTA-CREACIÓN PARQUE METROPOLITANO UNION MAR MONTAÑA VLG_LA23_MARMONTA | 92.554,08 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 132 | 62300 | 2019 2 POS19 7 | CAMARAS CON LECTOR DE MATRICULAS PARA CONTROL INFRACCIONS DE TRAFICO | 25.851,54 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| | | | | 557.473,82 | |
| | | | | | |
| | | | CREDITO EXTRAORDINARIO | | |

| APLIC. PRESUPOSTARIA | | PROXECTO | DENOMINACIÓN | IMPORTE | FINANCIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 453 | 61900 | ALTA PROXECTO | GLORIETA AVDA. CAMBADOS | 156.873,52 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 132 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA POLICIA LOCAL | 80.465,00 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 453 | 62400 | ALTA PROXECTO | CAMIÓN GRÚA SERVICIO DE OBRAS | 169.037,00 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| 165 | 61900 | ALTA PROXECTO | RENOVACIÓN REDE DE ABASTECEMENTO NA AVDA CAMBADOS | 47.938,60 | UNICAJA BANCO S.A 2021 |
| | | | | 454.314,12 | |

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- Expediente Nº01/CF/2022 de modificación de finalidade dos préstamos afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- Expediente Nº01/CE/2022 de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente.
- Expediente Nº 01/SC/2022 de suplemento de financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente.
  Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2021 prorrogadas para o 2022 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=4
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**5- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23 do Regulamento Orgánico do Pleno:
Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.
Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figuran presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá.

- D. Anxo Lúa Areas e/n Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo

- D. Anxo Lúa Areas

Os dous escritos solicitan a intervención de Dona Sofia Suárez Taboas, representando á Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo en relación coa moción presentada polos Grupos Políticos Municipas do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos para a solución dos prOblemas de tráfico e mellora de acceso na rúa Ameixeiras e Wenceslao Fernández Florez, que figura co nº 8 na Orde do Día do Pleno.

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día do pleno, pasando a debatir a continuación , o asunto que figura co nº 8.

A continuación intervén Dona Sofía Suárez Taboas para expoñer a situación de inseguridade viaria que é unha das demandas veciñais

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=5
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO PP, BNG, VILAGARCÍA EN COMÚN, PODEMOS-MAREA DA VILA E CIUDADANOS PARA SOLUCIÓN AOS PROBLEMAS DE TRÁFICO E MELLORA DE ACCESO NA RÚA AMEIXEIRAS.** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 13 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos Grupos Políticos Municipais de PP, BNG, Vilagarcía en común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos, coa data de 4 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Ana María Granja Guillán como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, Lucía César Veloso como Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Juan Manuel Fajardo Recouso como Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, María de la O Fernández González como Voceira do Grupo Municipal de Podemos – Marea da Vila e David Higinio Oliveira Barreiro como Voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 13 de xaneiro de 2021 a seguinte MOCIÓN:
"Solución aos problemas de tráfico e mellora de accesos na Rúa Ameixeiras"
EXPOÑEN
A veciñanza de Sobradelo leva tempo denunciando os problemas de seguridade viaria que sofren diariamente a consecuencia, principalmente, da conxestión de tráfico na PO-549. Unha situación que se agravou a raíz da reforma da Rúa Valle Inclán e a prohibición de acceso a camións por esta vía, cuxa principal consecuencia foi o desvío dese tráfico pesado á PO-549.
Un dos puntos máis problemáticos é o cruce da estrada autonómica coa Rúa Ameixeiras. O cal, ademais de sufrir un notable incremento de tráfico (lixeiro e pesado) a raíz das modificacións na referida Rúa Valle Inclán, presenta unha estreiteza que dificulta as manobras de camións e autobuses para incorporarse dun vial ao outro. Provocando isto grandes retencións e atascos.
Compre sinalar neste sentido que a Rúa Ameixeiras é o principal acceso de vehículos pesados e lixeiros a unha zona de Sobradelo con gran movemento diario. Unha zona onde se concentran empresas industriais, o IES Armando Cotarelo Valledor, a Escola Infantil e tamén unha zona residencial. Polo que é necesario aplicar todas as medidas posibles para garantir a seguridade viaria tanto de condutores como de peóns.
Neste mesma estrada municipal dáse ademais a circunstancia de que, no seu primeiro tramo, non existen beirarrúas en ningunha das dúas marxes. Polo que os moitos alumnos que acceden ao Cotarelo Valledor pola rúa Ameixeiras desde a PO-549 teñen que facelo pola estrada. O que supón un perigo evidente e manifesto que se podería evitar mediante a construción dunhas

beirarrúas e con traballos de mellora neste acceso.
Por todo o anteriormente exposto, os grupos políticos municipais asinantes desta moción SOLICITAN
1. Que o goberno local de Vilagarcía solicite os informes precisos e acometa as medidas e os traballos necesarios para garantir a seguridade viaria e facilitar as manobras de tráfico no vial municipal Rúa Ameixeiras no seu cruce coa estrada autonómica PO-549.
2. Que o goberno local de Vilagarcía constrúa beirarrúas na Rúa Ameixeiras no tramo máis próximo á PO-549, dote de iluminación e mellore a limpeza viaria do entorno e, á súa vez, solicite á Xunta de Galicia os informes precisos e que esta acometa os traballos de mantemento que considere necesarios na estrada autonómica PO-549.
3. Que o goberno local cree unha partida orzamentaria para acometer as obras e poder realizar os traballos correspondentes.
En Vilagarcía de Arousa, a 4 de xaneiro de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
Todas as persoas representantes dos grupos políticos municipais asistentes á Comisión Informativa informan favorablemente.
En consecuencia e por unanimidade infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos polos Grupos Políticos Municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos para solución aos problemas de tráfico e mellora de acceso na Rúa Ameixeiras.

Na sesión plenaria sométese a votación a mocón polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as pertencentes no Pleno (18 de 21)
ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais do do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos e:
O Goberno Local de Vilagarcía:
1. Solicitará os informes precisos e acometa as medidas e os traballos necesarios para garantir a seguridade viaria e facilitar as manobras de tráfico no vial municipal Rúa Ameixeiras no seu cruce coa estrada autonómica PO-549.
2. Construirá beirarrúas na Rúa Ameixeiras no tramo máis próximo á PO-549, dote de iluminación e mellore a limpeza viaria do entorno e, á súa vez, solicite á Xunta de Galicia os informes precisos e que esta acometa os traballos de mantemento que considere necesarios na estrada autonómica PO-549.
3. Creará unha partida orzamentaria para acometer as obras e poder realizar os traballos correspondentes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=8
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

Sendo as 18:27 horas auséntase da sesión a Sra. Interventora Municipal·

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A CREACIÓN DE PRAZAS PÚBLICAS NA EDUCACIÓN INFANTIL DE CERO A TRES ANOS**. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 13 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 3 de xanerio de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de decembro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DE PRAZAS PÚBLICAS NA EDUCACIÓN INFANTIL DE CERO A TRES ANOS

O primeiro ciclo da Educación Infantil, para nenos e nenas desde os ceroaos tresanos de idade,contribúe de xeito efectivo ao desenvolvementoequilibrado e conxunto das súas capacidades cognitivas, afectivas, motrices e de interacción e comunicación co mundo e co ambiente que rodea ás crianzas nesasidades.É, por tanto, un ámbito primordial da educación que require dunha xestión pública axeitada para o seu correcto desenvolvemento, polo que as políticas públicas a implementar deberían selo desde as áreas de Educación. A isto súmase a próxima aprobación do Real Decreto polo que se establece a ordenación e os ensinos mínimos da Educación Infantil. A nova regulación supón un xiro ao tratamento da primeira etapa escolar, reducida historicamente á función de coidar dos nenos, dándolle un enfoque claramente educativo, polo cal debe integrarse xunto ao resto de etapas e ciclos educativos baixo un mesmo órgano de xestión. No caso de Galicia, as competencias dos centros de Educación Infantil recaen sobre a Consellería de Servizos Sociais, como recolle o Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, algo que debería ser modificado para a correcta implantación da nova normativa.

Doutra banda,a posibilidade real de alcanzar a desenrolar plenamente estas capacidades nos nenos e nenas faiseespecialmente importante naqueles que, debido á situación social e/ou laboral das súas familias, non atopan nos seus fogares un clima de estimulación, atención e afecto continuo que lles posibilite ese pleno desenrolo. As evidencias empíricas ao respecto e os estudios feitos son amplos e nos din que a educación temperá incide deforma moito máis importante naqueles nenos e nenas que proveñen de familias de niveis de rendas máis baixas e ambientes sociais desfavorecidos que nas crianzas de familias de clases medias e altas (estudos como "Intervención en Atención Temprana: Enfoque Desde el Ámbito Familiar" de Amparo Martínez Moreno e Nuria Calet así o confirman).

A pesar desta situación, son precisamente os nenos e nenas de familias con menores recursos económicos os que acceden en menor proporción aos centros de educación infantil. Segundo datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional, as familias con menos recursos presentan taxas de escolarización ata tres veces inferiores ás máis adiñeiradas: un de cada catro fogares no primeiro quintil de renda (o 20% que menos gaña) leva aos seus fillos a centros de educación infantil, mentres no quinto quintil (o 20% que máis gana) son un 62,5%. Esta fendarelaciónase directamente coa faltade prazas en centros públicos, de carácter gratuíto, para atender a demanda destas familias, e á imposibilidade destas familias de afrontar os pagos esixidos nas escolas privadas a pesar das axudas económicas que circunstancialmente poidan recibir para iso, o que supón un factor de desigualdade que é necesario corrixir.

Hai que lembrar que, en Galicia, a taxa de escolarización entre os ceroe os tresanos é só do 42,9%. Segundo os datos da Xunta de Galicia, dispoñemos actualmente de preto de 30.000 prazas para crianzas de entre cero e tres anos para unha poboación infantil de dito tramo estimada en preto de 50.000 infantes. Unha oferta que deixa fora a moitas cativas e que a Xunta non ten pensado a curto prazo mudar dita situación: fai escasamente un mes no debate da Autonomía o Presidente da Xunta constataba que non se está a construír ningunha nova escola infantilpública. Seguindo os datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional, preto do 40% das prazas en educación infantil de ceroa tresanos en Galicia o son en centros privados.

Para reverter esta situación e garantir o acceso á educación infantil a todos os nenos e nenas,independentemente dos niveis de renda das súas familias, o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado do exercicio 2022,inclúe unha dotación de 666,6 millóns de euros para a creación de prazas públicas en escolas infantís, procedentes dos fondos asociados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) impulsado pola Unión Europea. Deles corresponderían a Galicia 34,8 millóns de euros, cos cales se prevé a creación de 3.417 prazas.

En base ao exposto, e sendo conscientes de que os Concellos,como administracións máis próximas á veciñanza,teñen a obriga de coñecer as demandas e as necesidades que a mesma ten, así como considerando a existencia de escolas infantís municipais de acordo ao Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, dende Podemos-Marea da Vila,propoñemos a que o pleno de esta

Corporación local aprobe os seguintes
ACORDOS
1. Que dende o Concello se faga unha estimación e un estudo das prazas que se precisan en Vilagarcía de Educación Infantil no tramo de cero a tres anos e se dirixa á Xunta de Galicia para solicitar o investimento preciso para a creación de esas novas prazas públicas;
2. Que este Concello inste á Xunta de Galicia a que os fondos estatais recibidos para estes fins se dediquende maneira exclusiva á creación de novas prazas en centros de propiedade e xestión enteiramente públicos;
3. Que este Concello se dirixa á Xunta de Galicia pedindo o traslado de competencias no relativo aos centros de Educación Infantil nos seus dous tramos, para que ditas competencias sexan exclusivas da Consellería de Educación.
EnVilagarcía de Arousa, a 20 de decembro de 2021.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila para a creación de prazas públicas na Educación Infantil de cero a tres anos.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4),
ACÓRDASE Por maioría:
1. Que se faga unha estimación e un estudo das prazas que se precisan en Vilagarcía de Educación Infantil no tramo de cero a tres anos e se dirixa á Xunta de Galicia para solicitar o investimento preciso para a creación de esas novas prazas públicas;
2. Instar á Xunta de Galicia a que os fondos estatais recibidos para estes fins se dediquende maneira exclusiva á creación de novas prazas en centros de propiedade e xestión enteiramente públicos;
3. Dirixirse á Xunta de Galicia pedindo o traslado de competencias no relativo aos centros de Educación Infantil nos seus dous tramos, para que ditas competencias sexan exclusivas da Consellería de Educación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=6
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN PARA APROBACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE VIVENDA EN VILAGARCÍA.** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 13 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 3 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Creación dun plan de vivenda municipal.

Exposición de Motivos.
A pesar do enorme mercado de venda de vivendas existente en Vilagarcía, o incremento dos prezos e a aparición do fenómeno do aluguer vacacional, fai imposible que moitas familias poidan acceder a presos razonables a este mercado, e sobre todo imposibilita a emancipación das persoas mozas.
O prezo dos alugueiros vive en Vilagarcía un proceso inflacionista unido a temporalización do mercado, fenómenos que dificultan a moitas persoas acceder ao mesmo.
Hoxe o prezo medio do metro cadrado para compra de vivenda sitúase no entorno dos 1.120 € de media por metro cadraddo, e resulta imposible acadar alugueiros, que no sexan de tempada escolar, inferiores aos 500€ ao mes. Estes presos determinan a necesidade de actuación pública, para intervir na posiblidade de acceso.
Dende fai anos, non existen políticas propias de vivenda no concello, mais alá do concepto de emerxencia social, polo que compre analizar a situación do mercado e o acceso a vivenda en Vilagarcía, para adoptar as políticas públicas mais axeitadas para mellorar a capacidade de acceso ao dereito a vivenda da cidadanía en Vilagarcía.
Compre polo tanto crear un plan municipal de vivenda que teña como obxectivo prioritario o acceso a vivenda digna e de calidade para toda a veciñanza, en función das súas necesidades sociais e económicas.
Antes de elaborar este plan, necesitamos coñecer as necesidades da osa poboación, e sobre todo a situación cualitativa e cuantitativa do nos parque de vivendas.
Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:
O Concello de Vilagarcía acorda:
Primeiro.- Como paso previo a elaboración dun plan de municipal de Vivenda en Vilagarcía, o goberno local encargará a elaboración dun documento de diagnóstico da situación do acceso á vivenda no noso termo muncipal, que poida incluír os mecanismos de intervención que axuden a mellorar as posiblidades de acceso a vivenda da cidadanía.
Segundo.- Os orzamentos do 2022, reservarán unha partida para a elaboración do documento de diagnóstico do punto anterior.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:
VOTACIÓN:
As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común para aprobación dun Plan Municipal de Vivenda en Vilagarcía.

Polo grupo político municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda de adición:
Terceiro: Instar á Xunta de Galicia a construír vivenda social en Vilagarcía.

O representante do grupo político Municipal de Vilagarcía en Común acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:
VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4),
ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común e:
Primeiro.- Como paso previo a elaboración dun plan de municipal de Vivenda en Vilagarcía, o goberno local encargará a elaboración dun documento de diagnóstico da situación do acceso á vivenda no noso termo muncipal, que poida incluír os mecanismos de intervención que axuden a

mellorar as posiblidades de acceso a vivenda da cidadanía.
Segundo.- Os orzamentos do 2022, reservarán unha partida para a elaboración do documento de diagnóstico do punto anterior.
Terceiro: Instar á Xunta de Galicia a construír vivenda social en Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220113&punto=7
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**9.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**
Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210113&punto=9
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**10.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas,o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210113&punto=10
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**
Por parte do Sr. Alcalde procedese a responder preguntas formuladas no pleno anterior de 25 de novembro de 2021.

A seguir, por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210113&punto=11
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

**12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.**
Polo público asistente á sesión formulanse preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210113&punto=12
Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:25, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.